



CentroComercialAberto

ASETEM



MELIDE
O Pleno local aproba os seus orzamentos para o 2025 P13

LE CER
A ANPA O Forte e a Martagona forman ao alumnado en igualdade P12-14

COMARCA
Sobrado e Santiso crean iniciativas de conciliación para este Nadal P17

ENTREVISTA



Mary López, Electrosan P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 226. Decembro 2024. Distribución gratuíta

"Este Nadal toca en Melide" de Asetem sorteará máis de 4.000€ en premios

A 26 edición da campaña "Este Nadal toca en Melide" de Asetem sorteará máis de 4.000 euros en premios entre a clientela dos establecementos de proximidade.

Nesta convocatoria participarán preto de 70 comercios locais, o que afirma a boa acollida que esta iniciativa ten cada ano.

A tradicional Gala de Nadal, onde se realizará o sorteo, celebrarse o vindeiro 10 de xaneiro do 2025 no Centro Sociocultural Mingos de Pita da vila melidense. P3



"O coidado é básico na produción da tenreira"



Adela Varela, responsable de Carnicería Cardelle, cumpre 10 anos á fronte deste establecemento de proximidade. Para festexar este aniversario Adela cóntanos como valora a súa traxectoria. P9

Este sábado celébrase a "Winter Meet 2024"



Este sábado, 14 de decembro, celébrase no Pazo de Congreso a "Winter Meet 2024", organizada por Anubis Racing. Nesta cita reuniranse arredor de 100 vehículos en exposición. P21

 **ESPOMASA**
CTRA MELIDE-TOQUES KM8
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30
SÁBADOS 10:30 a 13:30

 **el almacén del colchón**
by ESPOMASA

N-547, 15800 Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00
16:30 a 20:30



ESTAS NAVIDADES
Regala descanso

VISÍTANOS Y LLÉVATE UN REGALO POR CADA COMPRA

Desde Espomasa y El almacén del colchón te deseamos feliz navidad y próspero año nuevo.

 COLCHONES DESDE 99€	 ALMOHADA VISCO DESDE 19€	 CABECEROS DESDE 49€
 CHAISE LONGUE DESDE 399€	 BUTACAS DESDE 299€	

Tribuna de opinión

Se non se coñece o pasado o perigo de repetilo é inminente

O pasado 26 de novembro, o Congreso dos Deputados (espazo no que debaten os representantes escolmados pola cidadanía) foi o espazo escollido polo deputado de Vox, Manuel Mariscal Zabala, para facer apoloxía da ditadura franquista. Para ser máis exactas, pronunciou as seguintes palabras: "gracias a las redes sociales muchos jóvenes están descubriendo que la etapa posterior de la Guerra Civil no fue oscura, como nos vende este Gobierno, sino una etapa de reconstrucción, de progreso y de reconciliación para lograr la unidad nacional".

Chamar "época de reconstrucción, progreso e reconciliación" a uns anos nos que milleiros de persoas opostas ao réxime de Franco foron asasinadas, tiradas en cunetas, marinadas e tratadas de xeito vexatorio, polo simple feito de pensar ou ser diferente a eles. Un período de odio ao distinto e diverso, no que linguas como o galego foron menosprezadas e prohibidas para o



As Mariás, na Alameda, un dos símbolos das vítimas franquistas. / Foto: Flickr

ámbito oficial, non parece que tivera moito espírito de reconciliación e progreso. Os feitos que sucederon do 1939 ao 1975 son iso, sucesos dos que ninguén pode dudar.

As redes sociais son unha potente ferramenta da comunicación pero, como todo, teñen os seus riscos e perigos se as usamos mal. É importante que as persoas máis novas que, por fortuna, non tiveron que vivir a época da ditadura franquista saiban o que pasou para que poidan vulgar por eles e elas mesmas os

acontecementos. Para isto, é fundamental que os centros educativos ensinen a nosa historia, os episodios gloriosos e de progreso pero tamén os escuros e ditatoriais.

Coñecer as nosas raíces e as vivencias dos nosos ancestros é imprescindible para en tempos revoltos, nos que a onde reaccionaria non deixa de medrar, as novas xeracións poidan decidir, con toda a información, onde queren situarse. Se a cidadanía non coñece o pasado o perigo de repetilo é inminente.

Editorial

O Nadal, unha época para compartir

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Felicitación de Nadal da Asociación empresarial da comarca. / Foto: Asetem

Achéganse as datas máis esperadas do Nadal, como a Noiteboa ou o Día de Rei, se por algo se caracterizan estas datas é pola ilusións das cativas e cativos, a iluminación e decoración especial ou a rutina de saír a comprar os regalos para os nosos seres queridos.

Estas datas son ideas para pensar no verbo compartir, dende xantares ou ceas, xoguetes, tempo, agasallos e ata valores e tradicións. Dentro do eido das tradicións é importante transmitirle aos máis pequenos e pequenas o mercar

e consumir nos establecementos de proximidade, isto faise dun xeito moi simple, chega con que vexan como se acude aos comercios locais a comprar ou se aposta por un bar ou restaurante local para cear ou xantar fóra.

Aproveitando este espazo, dende a directiva de Asetem queren desexarlle a toda a veciñanza e comerciantes un bo Nadal e un próspero 2025, no que o comercio de proximidade siga a ser un referente para todas e todos, así como un motor económico para a vila.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: Latexo Logopedia

AGRADECIMENTOS: Imprenta Meligraf e Pilar López

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....	2
- EMPRESA.....	3
- COLABORACIÓN.....	11
- MELIDE.....	12
- COMARCA.....	17
- CULTURA E LECER.....	20
- ENTREVISTA.....	23

A nova edición de "Este Nadal toca en Melide" de Asetem repartirá máis de 4.000 euros en premios

A 26 edición da campaña "Este Nadal toca en Melide" repartirán máis de 4.000 euros en premios entre a clientela dos establecementos de proximidade.

Nesta convocatoria participarán preto de 70 comercios locais, o que afirma a boa acollida que esta iniciativa ten cada ano. Estes negocios son: Mis Mejores Labores, Mobles Ares, Zafiro Tours, Xanela Ocio e Animación, Meixela Centro de Estética, Mobles Buján, Leiva Motosport, Óptica Alain Afflelou, Carnicería Cardelle, Mobles Paula, Viñoteca Ribeirao, Phone House, Melimática, Panadería Toques, Xoiería Oro Ley, Sportmoda, Muxica, Grupo Noguerol, Óptica Tábor, Instituto de la Sordeira, Laia Zapateros, Xoiería Roval, CC Xestión, Estanco Angarela, Calzados Broz, Parafarmacia Ulloa, Mercearía Isabel, Salón de Peitado Santín&Amo, Intres Fotografía, Romero Zapaterías, Pro Diva, Toysmaniac, Xoiería Silvela, Electrosan, Goalkers Melide, Estación de Servizo Corredoiras, Librería Victorio, Sueños, Pasarela, Anic Difusión, Casa Mejuto, Daniel's Barber, Pastelería Estilo, Magnin, Floristería Maru, Casa Juanito, Óptica Melide, Escala



O cartel de "Este Nadal toca en Melide" colocado no medio dos xoguetes de Librería Victorio. / Foto: Xornal Cerne

Espectáculos, Casa Santos, A Barbería de Iago, Pastelería Trisquel, Pescados Manolo, Recambios Vulcano, Yethi Carburantes, Laxo Logopedia, Imprenta Meligraf, Sakho, Librería Cousas, Carnicería Lamas, Miguel Floristas, Sobratok Gym, Itegal, Autoescola Marte e Pulpería Ezequiel e Juifi.

Dende a directiva de Asetem fan fincapé na necesidade de que "a poboación aposte por mercar os agasallos e produtos de Nadal nas tendas da vila porque non é preciso comprar nas cidades, grandes superficies ou a través da rede para atopar os mellores regalos a bos prezos". A maiores, dende a Asociación empre-

sarial destacan que "o feito de comprar no municipio implica que o pobo medre e isto é beneficioso para toda a veciñanza",

"Este Nadal toca en Melide" sorteará 2 premios de 1.000 euros e 4 de 500 euros na tradicional Gala de Nadal. Como xa é habitual, os establecementos participantes obsequiarán á clien-

tela con rifas numeradas coas que entrar no sorteo. E, como novidade desta edición, haberá 10 vales de 50 euros para sortear a través da APP de Asetem, entre todos os tickets subidos entre o 1 de decembro de 2024 e o 10 de xaneiro de 2025. Na aplicación só hai que indicar o nome da persoa que realiza a compra e o comercio, así como a fotografía do ticket.

O obxectivo principal desta campaña é o fomento das compras nos establecementos comerciais de Melide, premian-do a fidelidade da clientela mediante o sorteo de vales de compra. Estes premios serán gastados de novo nos establecementos de proximidade, o que garante a repercusión no eido comercial da localidade.

A Gala de Nadal celebrárase o venres 10 de xaneiro de 2024 no Centro Sociocultural Mingos de Pita. Neste evento contaremos coas actuacións de: Leti da Taberna, Irene Ruiz Carmuega e Juan Carlos Mazás Sanmartín. Entre as persoas asistentes á Gala sortearase un premio adicional chamado "Lote Asetem" cun valor de 200 euros. As bases da campaña poden consultarse en: www.asetem.com.

CHINCHES?

Plagostel
control de riesgos ambientales

▶ **Llámanos**

▶ ☎ **698179968 / 986118714**

▶ ✉ administracion@plagostel.com

Merca no teu comercio deixa 600 euros en Melide



As persoas premiadas en Merca no teu Comercio. / Foto: F.Galega de Comercio

A edición de outono de Merca no teu Comercio, iniciativa promovida pola Federación Galega de Comercio en colaboración coas Asociacións empresariais como Asetem, deixa 3 premios de 200 euros en Melide.

Nesta ocasión, as persoas afortunadas foron: Laura Rodríguez (compra realizada en Óptica Táborra), Mercedes López (Electrosan) e Rubén Costoya (Mis Mejores Labores). A clientela gañadora poderá agora gastar os vales de 200 euros en calquera establecemento que participara nesta campaña, sen necesidade de ser nos premiados.

Para recoller o premio, as persoas gañadoras

acudiron a un evento en Santiago o pasado 29 de novembro.

Esta iniciativa tiña por obxectivo promover e dinamizar as compras nas tendas de proximidade nunha época na que as vendas soen ser máis baixas.

En total, nas dúas edicións, esta campaña deixou unha repercusión económica directa de 1.200 euros que se inxectan nos establecementos locais participantes do municipio.

Dende a directiva de Asetem queren agradecerlle ás tendas a súa participación e á clientela o seu compromiso cos negocios da vila. "Comprar en Melide sempre é un acerto".

O Mercado de Artesanía e Gastronomía, a gran novidade do Mercamelide



Unha das celebracións do Mercamelide, edición de inverno, no Pazo de Congressos de Melide. / Foto de arquivo

O Mercamelide de inverno regresa na fin de semana 8 e 9 de febreiro de 2025 e faino cunha gran novidade, o Mercado de Artesanía e Gastronomía do Cerne de Galicia.

Un ano máis, o Pazo de Congressos acollerá un amplo espazo de compra durante dúas xornadas, para que a veciñanza e visitantes poidan adquirir produtos de primeira calidade, provenientes do comercio local e a prezos moi competitivos, que inclúen fogar, roupa, tecnoloxía ou electrodomésticos.

O Mercamelide de inverno 2025 acollerá por primeira vez o Mercado de Artesanía e Gastronomía

do Cerne de Galicia. "Esta iniciativa procura apoiar e promover a actividade no medio rural, o que supón unha aposta das medidas de desenvolvemento do mesmo", comentan dende a Administración municipal. Con esta actividade, o Concello aposta por dar visibilidade ao conxunto dos sectores comerciais de Melide e das localidades de proximidade e poñer en valor os nosos trazos culturais e económicos máis distintivos e singulares.

Ademais, o Mercamelide de inverno xa ten aberto o prazo de inscrición para os comercios participantes ata o 18 de decem-

bro. Aqueles que formen parte de Asetem (Asociación Empresarial) poden inscribirse a través da mesma. Aqueles establecementos que non sexan socios da entidade poden inscribirse a través do correo electrónico escribindo a comercio@concello demelide.gal.

Así mesmo, no caso do Mercado de Artesanía e Gastronomía do Cerne de Galicia, as inscricións de postos poden realizarse no mesmo correo electrónico ata o 18 de decembro. Terán prioridade de inscrición as e os artesáns da vila ou municipios limítrofes, nunha posta clara do Concello de Melide polo comercio de proximidade.

Royal
JOYERÍA



SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE

Novos tempos



Nova tenda



A mesma ilusión



As Plataformas Ulloa Viva e a PDRA anuncian que este domingo haberá "un clamor" no Obradoiro contra Altri e o Goberno galego



Representantes de asociacións ecoloxistas, de Ulloa Viva e a PDRA nunha rolda de prensa. / Foto: Plataforma Ulloa Viva

As Plataformas Ulloa Viva e En Defensa da Ría de Arousa (PDRA) presentaron a manifestación nacional que este domingo, 15 de de-

cembro, percorrerá as rúas de Compostela ata a Praza do Obradoiro co lema: "A Xunta non pode calar todo un país". A presidenta de

Ulloa Viva, Marta Gontá, e o presidente da PDRA, Xaquín Rubido, acompañados polos representantes de colectivos sociais que apoian

a manifestación, aseguraron que esta mobilización será "un clamor" contra a macrocelulosa que a empresa Altri quere construír en Palas de Rei e que está a tramitar "cunha alfombra vermella" a Xunta.

Marta Gontá asegurou que o 15 de decembro en Compostela "estaremos toda a masa social que por sentido común e por xustiza imos parar este atentado ao corazón de Galicia". Explicou que as persoas que acudirán ao Obradoiro van reprocharlle ao Goberno autonómico que "están cegados polos cartos que saen da privatización dos recursos e os bens máis importantes que temos: terra, auga e aire". Será, segundo afirmou a presidenta da Plataforma Ulloa Viva, "o derradeiro golpe na mesa, sairemos en masa a defender o noso futuro".

O presidente da PDRA, Xaquín Rubido, explicou que esta mobilización protesta contra os "mecanismos antidemocráticos" que esta a usar a Xunta "para cambiar o noso modelo produtivo por un imposto". A maiores, Rubido afirmou que o Goberno galego "leva meses tentando que boa parte dos 23.000 alegantes non sexan declarados persoas interesadas", a través de requirimentos que a Xunta está a enviar desde fai meses aos asinantes das alegacións. "O 15 de decembro é máis necesario ca nunca lembrarlle ao Goberno galego que non pode calar todo un país", fixo fincapé o presidente En Defensa da Ría de Arousa.

Ademais, para as persoas interesadas en acudir dende Santiso e Melide haberá servizo de autobús gratuito.

A Xunta convoca unha ampliación dos Bonos Activa Comercio previa ao Nadal



Debuxo de promoción dos Bonos Activa Comercio. / Foto de arquivo

A Xunta de Galicia convoca unha ampliación da última edición dos Bonos Activa Comercio, dende este luns e ata o esgotamento do crédito destinado.

Esta convocatoria extra terá de presuposto uns 2,5 millóns de euros para

dar unha segunda oportunidade a aquelas persoas que non puideron usar o da edición anterior dada a rapidez na que se acabou o crédito. A clientela que non consumira o bono na súa totalidade poderá usalo estes días. Ademais, as persoas que

non descargaran os bonos na anterior convocatoria pode realizalo agora.

Así mesmo, as tendas que non estean adheridas a esta campaña, se están interesadas, poden facelo cubrindo simplemente un formulario.

Unha das novidades desta campaña é que as persoas usuarias que xa gastaran o bono na súa totalidade, os 30 euros, non poderán descargar un novo vale de desconto.

O funcionamento destes Bonos Activa Comercio extra será o mesmo que nas anteriores edicións. Con estes vales cada cliente ou clienta poderá dispoñer de ata 30 euros de desconto nos establecementos adheridos. Para descargar estes bonos ou para as tendas que queiran adherirse é preciso entrar na páxina web: www.activacomercio.gal.

Xanela Ocio organiza un Campamento de Nadal



Dous cativos intentando montar as pezas dun puzzle. / Foto: iStock

A empresa melidá Xanela Ocio e Animación organiza un Campamento de Nadal para as crianzas durante o período de vacacións escolares destas datas.

Esta actividade contará con xogos, obradoiros, festas temáticas, cociña e

parque de bólas, entre outras. O horario será de 9:00 a 14:00h e conta con prazas limitadas para participar.

Para as crianzas interesadas en anotarse é preciso chamar ao 682 10 54 50 antes do vindeiro 16 de decembro.

A Administración autonómica pon en marcha un novo sistema de reclamación dixital en materia de consumo



Unha persoa co seu teléfono intelixente dende o que pode realizar a súa reclamación dixital. / Foto: iStock

A Administración autonómica pon en marcha un novo sistema de reclamación dixital en materia de consumo, co fin de axilizar este proceso e garantir a protección dos dereitos das

persoas consumidoras.

"A iniciativa dota de simplicidade, axilidade e eficacia ao proceso de reclamación en materia de consumo garantindo a defensa das consumidoras e consu-

midores e ofrecendo ás empresas unha ferramenta áxil de comunicación coa súa clientela", informan dende a Xunta de Galicia.

A través deste sistema, as persoas poderán pre-

sentar as súas reclamacións de xeito dixital a partir do escaneo dun código QR que estará a súa disposición no establecemento e que as dirixirá a un formulario virtual no que cumprimentar os seus datos persoais e o motivo da súa reclamación, e será remitida de maneira electrónica á empresa.

De forma automática, recibirán un correo electrónico de constancia dando conta do día e da hora da presentación da súa reclamación ante o establecemento e indicándolles que se abre un prazo dun mes para que a empresa lles remita contestación por calquera medio que permita a súa constancia. Igualmente, o comerciante recibirá a reclamación no enderezo electrónico sinalado.

Transcorrido o prazo dun mes sen obter

resposta ou de ser esta insatisfactoria, a persoa consumidora poderá dirixirse directamente ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) e presentar unha nova reclamación a través dun enlace que xa se inclúe no propio correo e que lle recorde os datos cubertos na súa primeira reclamación ante a empresa.

É importante destacar que o sistema de reclamación dixital non exime da obriga lexa de contar con follas de reclamacións oficiais físicas nin do deber de exhibir, de forma permanente e perfectamente visible a súa existencia, mediante un cartel no que figure a seguinte lenda: "Existen follas de reclamación a dispor da persoa consumidora ou usuaria", en lingua galega, castelán e inglés.

Novas axudas directas para facilitar a persoas sen emprego a participación aos cursos de formación para o traballo

A Xunta de Galicia convoca novas axudas directas para apoiar a participación de persoas sen emprego nos cursos para o traballo que está a impulsar o Goberno galego. Estas bolsas inclúen desprazamento, manutención, aloxamento ou conciliación. O presuposto destinado a esta liña de axudas é de máis de 10 millóns de euros, cun incremento de 700.000 euros con respecto ao importe inicial da última convocatoria.

As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes desde que teña lugar o feito causante da axuda. Polo tanto, o período que abrangue o prazo de solicitudes para esta convocatoria será para as accións formativas que se inicien entre o 1 de decembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos incluídos.

Estímase que se poi-

dan beneficiar desta iniciativa máis de 16.000 persoas sen traballo, a Administración concederá bolsas de asistencia a colectivos prioritarios que presentan especiais dificultades para a súa inserción laboral. Por este motivo, entre os posibles beneficiarios desta medida están persoas con diversidade funcional, vítimas de violencia de xénero ou con familiares ao seu cargo, ademais de integrantes de familias numerosas ou monoparentais.

As accións obxecto de apoio van desde os cursos dos centros propios da Consellería de Emprego e aqueles que imparten formacións para desempregados impulsados pola Xunta, ata a participación nas actividades de formación das empresas.

As posibles persoas beneficiarias destas bolsas



Varias persoas nunha formación como son as destinadas a xente en busca de emprego. / Foto de arquivo

formativas, a Administración outorgará axudas de 9 euros por día de clase ao alumnado con diversidade funcional do 33% ou máis, así como a integrantes de familias numerosas ou monoparentais. Estas axudas ascenderán ata os 10 euros

por día para vítimas de violencia de xénero.

Para apoiar a asistencia a estas accións de formación de persoas que teñen ao seu coidado fillos ou fillas, menores de 12 anos, outorgaráselles unha cuantía igual ao 75% Iprem.

Tamén se darán axudas para o transporte en vehículo propio (máx. 20 euros ao día), transporte interurbano (1,5 euros/día), de manutención (12 euros/día) se o domicilio está a máis de 20km e 50 euros para os de 100km ou máis.

**PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



E-15-001241

**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**

**NUEVA
UBICACIÓN**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**2 GAFAS
GRADUADAS
99 €**

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**



E-15-001238

ELECTROSAN

BOAS FESTAS E FELIZ ANO NOVO!
Rúa Martagona, 13 MELIDE (981 50 79 64)
electrosanmelide@gmail.com  Electrosan



Tu Boutique

Boas Festas!

Achégate a descubrir as
grandes **promocións** e
descontos!

Este Nadal non tes
escusa para vestir as
mellores prendas



Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide (A Coruña)
Telf: 881 965 394

"O coidado e mimo que se pon na produción da tenreira garante a mellor calidade e prezo para a nosa clientela"

- **Carnicería Cardelle conta con 47 anos de historia, dos cales se cumpren 10 dende que ti colliches as rendas do negocio. Recordas o que te motivou a poñerte a fronte desta tenda?**

- **Adela Varela:** Foi un relevo xeracional, miña sogra xubilouse e decidín seguir eu coa carnicería. Eu nunca antes traballara neste sector polo que tiven que formarme para poñerme ao día. Cando comecei tiña moito respecto polo traballo que ela realizara durante tantos anos aquí, ela traballaba todos os días do ano as 24 horas. Dado a gran labor que ela realizaba eu sentía a responsabilidade de seguir facéndoo ben.

- **Que novidades introduciches ti cando colliches a responsabilidade do comercio?**

- **A.V.:** Cambiei o horario, primeiro de mañá e de tarde, e dende a pandemia fixémoslo só de mañá. Logo, ela só traballaba tenreira porque era o que se criaba na casa e eu introducín outros tipos de carne e produtos.

- **Como valoras estes 10 anos de traxectoria?**

- **A.V.:** De xeito moi positivo. Nun primeiro momento tiña moito medo de que a cousa non saíse ben pero de contado a clientela me aceptou moi ben e medramos como negocio (dado que xa non só vendemos en Melide, senón tamén en Santiago, Palas de Rei ou Arzúa). A pandemia foi en certo modo un tempo complicado porque a xente non podía saír e ti traballabas igual, nesta etapa fixemos moitas entregas a domicilio para que a clientela non tivese que desprazarse.

- **Que é o máis satisfactorio de ser a xerente de Carnicería Cardelle?**

- **A.V.:** O máis cómodo é que son a miña propia xefa, en-



Adela Varela Vázquez, responsable de Carnicería Cardelle, no seu establecemento comercial en Melide. / Foto: Cerne

tón teño unha liberdade que se tivera unha xefa non sería do mesmo xeito. É certo que tamén teño moita responsabilidade porque son a que está a fronte, aínda que o meu marido me axuda moito. Logo, outra das cousas que máis me gusta de traballar na tenda é a atención ao público porque, ademais, teño unha clientela moi boa.

- **A clientela céntrase nunhas xeracións determinadas ou tes de todas as idades?**

- **A.V.:** Vén xente de todas as idades, o que pasa é que a maioría son persoas maiores. Isto creo que sucede porque a gran parte da xente que cociña é de idade máis avanza, especialmente cousas máis elaboradas como poden ser uns callos, as persoas novas elaboran comidas máis rápidas e sinxelas, polo xeral. Ademais, ao abrir só de mañá tamén hai xente en idade

de traballar que non pode facer a compra a esas horas.

Ademais, teño unha parte da clientela que é fixa pero outra é máis momentánea. Tamén hai xente que só vén en determinadas épocas, como o verán ou o Nadal, pero que repite todos os anos e aproveita a súa visita a Melide para coller carne para levar. Nestes casos, nós preparámoslla e envasámola ao baleiro para que a leven lista para viaxar. A maiores, tamén hai clientela interxeracional, é dicir, empezou vindo a avoa e agora xa vén a filla ou a neta.

- **Tes activo o servizo a domicilio?**

- **A.V.:** Si claro. A xente pode chamar, facer os seus encargos e despois nós xa llo levamos a casa. Ademais, para este servizo non temos prezo mínimo, todos pedidos se poden realiza para servir a domicilio.

- **Cal é o valor engadido**

de Carnicería Cardelle?

- **A.V.:** A calidade, servizo e atención á clientela. O coidado e o mimo que se pon na produción da tenreira é o que garante a mellor calidade e prezo para a nosa clientela. Ademais, comercializamos produtos criados con recursos naturais e en granxas da nosa comarca, polo tanto é carne de proximidade.

- **Dirías que diminuíu o consumo de carne?**

- **A.V.:** Penso que si. Non sei se é porque antes o poder adquisitivo era maior e tiña menos medo de levar máis cantidade, aínda que despois lles sobrara, ou porque cambiaron os hábitos de alimentación pero o consumo diminuíu. Actualmente, a xente vén á carnicería e leva o que lle fai falta, nin máis nin menos, taxa as cantidades.

- **Incrementou o prezo da carne?**

- **A.V.:** Nestas últimas épo-

cas si. Por poñerche un exemplo, cando eu empecei 1 quilo de filetes de tenreira eran uns 8 ou 9 euros e agora están arredor dos 15 euros. O incremento foi significativo e os salarios non soben ao mesmo ritmo, isto tamén pode facer que a xente se decante por mercar carne máis barata como é a de porco ou a de polo que, a pesares de subir tamén, é máis económica.

- **Ademais, tamén notarías a suba na produción da carne.**

- **A.V.:** Subiu todo, dende os pensos, transporte, cereais e ata o servizo dos matadeiros. Toda a cadea de produción aumentou os seus prezos e iso tívose que repercutir no prezo final para a clientela. Un exemplo desta suba é que antes matar un tenreiro de 150 quilos custábache 80 euros, agora o mesmo tenreiro cústache 130 euros.

- **Neste momento, cal é a carne máis cara?**

- **A.V.:** Agora mesmo en carnicería tenreira. O que pasa é que a xente ten moito autoconsumo de polo ou porco porque, especialmente nas aldeas, hai moita xente que cría estes animais para despois matalos e xa non ter que mercar a carne. Porén, no caso da tenreira é menos común porque che implica uns custes maiores e iso á hora das vendas nótase.

- **Cal é o segredo para que un establecemento como Carnicería Cardelle dure tantos anos?**

- **A.V.:** A confianza e a calidade do produto. A maior parte da clientela que vén a Carnicería Cardelle repite, aínda non sendo da zona cando veñen fan unha parada para comprar aquí a carne, e iso é a mellor publicidade que se pode facer.

En novembro aumentou o desemprego en 27 persoas



Unha persoa revisando unha folla co seu *currículum vitae*. / Foto de arquivo

No mes de novembro os datos do paro suman 27 persoas na comarca da Terra de Melide.

Os números repartidos polos concellos quedan: Melide con 277 (+24), Santiso con 41 (+4), Toques con 22 (sen cambios con res-

pecto ao período de outubro) e, por último, Sobrado que rexistra a parte positiva cunha persoa desempregada menos (38). Estes datos confirman a tendencia de lixeiro incremento de parados e paradas na comarca dende o fin do verán.

O Cerne cumpre 20 anos contando as historias da comarca Terra de Melide



Varios números do xornal Cerne que cumpre 20 anos. / Foto de arquivo

O xornal Cerne cumpre 20 anos contando as historias da comarca da Terra de Melide. Esta publicación, financiada pola Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, coas inestimables axudas das empresas e entidades

públicas que colaboran a través, especialmente, da publicidade. Os seus obxectivos principais son: informar á veciñanza das noticias, festexos e eventos que se celebran nos Concellos da comarca así como promocionar as súas empresas

para conseguir que a comarca medre en todos os eidos.

As persoas que forman a publicación do Cerne tamén queren agradecerlle o seu traballo, totalmente altruísta, ás colaboradoras e colaboradores que envían os seus artigos para enriquecer os contidos desta publicación como: Cristina, Vanesa, Ana e o alumnado e profesorado do CEIP de Arcediago e do IES de Melide. Así como a todas as persoas que de xeito esporádico colaboran con contido de interese como: Soqui Cea, Museo, Asociación Cultural Charamela, o Club de Lectura Gándaras, ANPA O Forte do N^o1, ANPA do N^o2, ANPA do CEIP Plurilingüe de Toques e ANPA A Xuntanza do CEIP de Arcediago, entre outras. Sen esquecer nestes agradecementos a todas as lectoras e lectores que cada mes len o Cerne para coñecer a información local da súa comarca. Por outros 20 anos!



Véndese leña picada de carballo

Santa María de Melide

636 866 996



ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA
CÓNTACHE..."



Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

A esclerose múltiple

ciar actividades, problemas para tragar e falar, falta de coordinación e problemas de vexiga e intestinais.

É máis común en climas máis fríos polo que, en España, a súa prevalencia é de 120 casos por cada 100 mil habitantes e unha incidencia de 4 por cada 100 mil, considerándose unha zona de risco medio-alto para o padecemento da enfermidade. A maioría dos casos diagnosticados son persoas entre 20 e 40 anos pero tamén pode aparecer noutros grupos de idade. Ademais, 3 de cada 4 casos diagnosticados, son mulleres e é a segunda causa de discapacidade entre as persoas xoves, despois dos accidentes de tráfico. Extrapolando os datos a Galiza, calcúlase que afecta a 3500 persoas.

A logopeda debería comezar a traballar coas persoas afectadas cando se realiza o

diagnóstico. Desta maneira, os síntomas xa presentes iríanse controlando de maneira que se puidera manter a calidade de vida a maior cantidade de tempo posible e podería facerse fronte aos surtos de forma máis efectiva. Sería un traballo máis focalizado e efectivo, preventivo de complicacións nalgúns aspectos. Mais a realidade é que nin o sistema de saúde indica que a intervención logopédica sexa beneficiosa, nin as persoas afectadas se encamiñan a esta profesional se os síntomas que presentan non comprometen aspectos relevantes da súa vida diaria.

A logopeda traballará sobre a musculatura orofacial da persoa afectada para minimizar por un lado as alteracións na articulación que poida presentar no momento de expresarse e por outro lado, servirá para mellorar funcións como a

mastigación e a deglución que dependen da musculatura oral. Ademais traballará sobre a voz e a respiración da persoa así como nas capacidades motrices para a escritura. Ante a posibilidade do empeoramento, será a logopeda a que busque métodos alternativos e aumentativos para a comunicación e quen controle que a dieta da persoa estea adaptada ás capacidades da súa musculatura. Se a vía oral non fose segura, será a encargada de proporcionar medidas compensatorias para a alimentación e incluso a indicación dunha vía de alimentación alternativa.

Pero temos que ter en conta que como noutras patoloxías, a intervención en EM non ten sentido se non se fai de maneira multidisciplinar e de forma precoz para preservar a calidade de vida tanto psicolóxica como funcional.

O 18 de decembro é o día nacional da esclerose múltiple (EM). Unha enfermidade autoinmune do sistema nervioso central que produce que o propio corpo ataque a mielina das células nerviosas da médula espinal e o cerebro interpretando que son perigosas. As súas causas son descoñecidas pero a hipótese máis aceptada é a da conxunción entre factores ambientais descoñecidos (de tipo in-

feccioso ou non) e factores xenéticos que predispoñerían á persoa a desenvolver a doenza.

Existen tantos síntomas da enfermidade como persoas e posto que os nervios se estenden por todo o corpo, a EM poderá manifestarse de maneiras moi diferentes e en diferentes partes do organismo. O máis habitual é que as persoas experimenten tremores posturais e para ini-

ANÚNCIATE NO CERNE!

- ✓ O teu anuncio verase en toda a comarca, máis de 1.000 exemplares
- ✓ Formato dixital nas nosas redes sociais e páxina web
- ✓ Posibilidade de deseño do anuncio sen custo adicional



O Programa A Martagona coa Igualdade forma a alumnado e familias neste eido



O alumnado do CEIP Martagona nunha das actividades. / Foto: ANPA Martagona

O Programa A Martagona coa Igualdade, organizado e promovido pola ANPA deste centro educativo melidense, forma a alumnado e familias neste eido. En concreto, nesta iniciativa participaron 105 familias e 127 rapaces e rapazas, de 3 a 12 anos.

A proposta educativa consta de 3 tipos de obradoiros que se desenvolveron ao longo de 20 sesións. Neste programa traballa os estereotipos de xénero e a violencia machista presentes na nosa sociedade, e promove unha educación libre de violencia rompen-

do prexuízos e claves para identificar a violencia machista, así como promover relacións saudables entre iguais dende as idades máis temperás.

Os obradoiros realizados foron: teatro en igualdade, videoxogos en igualdade e videoxogos e Redes Sociais en igualdade para familias en liña. Nestas actividades propúxose unha pedagogía coeducativa que promove a creatividade, a crítica, a comunicación e a resolución de conflitos desde as familias.

Esta iniciativa está enmarcada dentro das axudas dirixidas ás ANPAs do alumnado de centros educativos de Galicia coa finalidade de potenciar a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, financiada polo Ministerio de Igualdade e a Xunta de Galicia.

A irmandade de dúas vilas, Melide e Santurtzi



Reunión de traballo para a irmandade de Melide e Santurtzi. / Foto: Concello

Os Concellos de Melide e Santurtzi traballan na irmandade destas dúas localidades para potenciar o intercambio cultural, social, económico e deportivo entre elas.

Neste contexto, o alcalde melidense, José Manuel Pérez, tivo unha

reunión de traballo xunto coa alcaldesa de Santurtzi, Karmele Tubilla, na Casa Consistorial da vila vasca.

Ademais, José Manuel Pérez aproveitou a visita ao País Vasco para participar na tradicional celebración do Magosto da Casa de Galicia.

A Asociación de Troiteiros do Furelos visita o CEIP Mestre Pastor Barral



O alumnado do CEIP Mestre Pastor Barral durante a charla da Asociación de Troiteiros do Río Furelos. / Foto: A.T.R.F

A Asociación de Troiteiros do Río Furelos visita o CEIP Mestre Pastor Barral para reforzar os valores educativos medioambientais, apreciar os valores arredor do Furelos e que o alumnado do centro educativo coñeza a bacía do río e os seus afluentes.

O coloquio foi conducido polo encargado da entidade de Medio Ambiente e Actividades, Manuel Pardo, e o presidente Xavier Pazo. Tratáronse temas como as xornadas de limpeza, os labores de recollida de especies mortas no río Catasol e o desastre aconte-

cido no canal do Furelos, a altura da Tosta.

Ademais, dende o Mestre Pastor Barral concede unha Mención Honorífica a Xavier Pazo, como presidente da Asociación, polo "encomiable labor no respecto, coidado e protección do río Furelos".

O Concello insta á recollida dos excrementos caninos



Un dos carteis da campaña colocado nun xardín. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide lanza unha campaña para promover a recollida de excrementos caninos por parte dos seus propietarios, co obxectivo de mellorar a limpeza e o benestar nos espazos públicos.

Nesta fase inicial, a Administración local reali-

zou a primeira colocación de carteis en varios xardíns públicos, os cales lembran a obrigatoriedade de recoller os excrementos dos animais en espazos públicos, ao amparo da Lei 7/2023 do 29 de marzo, sobre a protección dos dereitos e o benestar animal.

O Concello amosa a súa preocupación polos riscos de seguridade asociados á próxima apertura, de xeito parcial, da autovía A-54



Unha das entradas de Melide que conectará o tramo da autovía A-54 co municipio. / Foto: Google Maps

O Concello de Melide amosa e trasládalle ao Goberno de Estado a súa preocupación polos riscos de seguridade asociados á próxima apertura, de xeito parcial, da autovía A-54. Dende o

Ministerio de Transportes e Mobilidade Urbana teñen previsto abrir o tramo Palas de Rei - Melide da A-54.

"Estas preocupacións atinxen, nomeadamente, á seguridade viaria,

pola situación do ramal de acceso á autovía a partir da estrada AC-840, en cuas inmediacións se atopan tanto a escola de educación infantil e primaria Mestre Pastor Barral como o Cen-

tro de Saúde ou a Escola Infantil. Pero tamén á sobrecarga do tráfico pesado no centro urbano de Melide, coas posibles retencións que poidan rexistrarse debido á dificultade dos grandes vehículos de carga para efectuar o xiro na rotonda central", sinalan dende a Administración local.

Nunha xuntanza coa subdelegación do Goberno, a xefatura da Demarcación do Estado en Galicia e a dirección de Obra Civil de Acción de Galicia, entre outras, o Concello manifestou que a apertura deste tramo provocará un intenso fluxo de tráfico converxente na rotonda central, e que na saída da autovía está situada unha importante zona industrial que xa rexistra a diario un notable tráfico de camiións. A maiores, aludiuse "á proximidade do acceso ao campo de fútbol municipal, con grande afluencia de vehículos durante as fins de

semana, o campo da feira e dúas grandes superficies comerciais".

No tocante ao Centro de Saúde e aos centros educativos, o equipo de Goberno ten en conta os posibles riscos de seguridade e de funcionamento normal destas infraestruturas. Por exemplo, no que atinxe á entrada e saída de ambulancias durante a atención de urxencias, así como de autobuses de transporte escolar.

En definitiva, coa apertura deste tramo da autovía agravaríanse os problemas de circulación que a actualmente xa soporta a localidade. Nesta situación, o Concello do municipio espera unha nova xuntanza coa subdelegación do Goberno central para traballar en posibles solucións para diminuír ou paliar o impacto da apertura parcial da A-54 entre Palas de Rei e Melide.

O Pleno municipal de Melide aproba os seus orzamentos para o vindeiro ano 2025 por valor de máis de 9 millóns de euros

O Pleno municipal de Melide, na sesión ordinaria do 28 de novembro, aproba os seus orzamentos para o ano 2025 por valor de máis de 9 millóns de euros.

"Unhas contas axustadas ás necesidades do municipio atendendo aos datos de anteriores exercicios, e que salientan polo seu carácter expansivo e centrado no gasto social e nos investimentos", afirman dende a Administración local. Estes orzamentos medran un 31,5% a respecto dos de 2022, ascendendo a un total de 9.577.033,77 euros. Deles, máis dunha cuarta parte irá destinada a servizos sociais.

Por capítulos os orzamentos prevén que para Servizos Sociais, Servizos Básicos, Inversións, Cultura, Educación e Deportes

supoñen o 77% de todo o gasto do orzamento para o vindeiro ano. Ademais, o equipo de Goberno fai fincapé en que "non hai, no capítulo de xuros, pagamentos por amortización de préstamos. É de destacar, neste sentido, que o Concello de Melide carece de débeda bancaria actualmente".

Os orzamentos do 2025 destacan pola súa inversión no gasto social. A axuda a domicilio contará cun investimento próximo a 1.250.000 euros, que supón o 26% do gasto corrente. Os Servizos Básicos achegaranse aos 2.270.000 euros (case un 24% do gasto corrente), mentres que Cultura e Educación recibirán 902.426,57 euros, o que supón un 9,42% do gasto corrente. A área de Deportes contará cun orzamento su-

perior aos 225.000 euros. En total, o financiamento dos Servizos Básicos, os Investimentos, os Servizos Sociais, a Cultura, a Educación e máis os Deportes correspóndense co 77% do Orzamento.

Para o vindeiro ano as subvencións nominativas de apoio ao sector asociativo da vila van destinados 215.000 euros, a maior cantidade destinada nunca nuns orzamentos, "o que supón a maior aposta polas asociacións tanto culturais, deportivas e de outros ámbitos. Destacar que, por primeira vez, van destinados 18.000 euros de apoio as festas das parroquias", manifestan dende a Casa Consistorial.

Ademais, o Concello de Melide salienta que se trata dun Orzamento re-



Varios representantes locais no Salón de Plenos do Concello. / Foto de arquivo

alista e razoable, axustado ás necesidades económicas constatadas en exercicios anteriores a través das liquidacións reais. Uns orzamentos que aposta por mellores servizos e infraestruturas, máis apoio á cul-

tura, deporte, comercio e máis atención ao servizos sociais. En definitiva, "uns orzamentos para 2025 pensados para Melide e a súa veciñanza", fan fincapé dende o Goberno municipal no Pleno.

O Concello aproba un novo Plan de Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero con máis de 80 medidas concretas

O Concello de Melide aproba, no último pleno ordinario, un novo Plan de Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero con máis de 80 medidas concretas e estruturado sobre 6 eixos.

Este documento explora toda unha serie de iniciativas e planificacións que procuran paliar e resolver situacións de desigualdade entre homes e mulleres no municipio, e faino coa vontade firme de integrar de xeito transversal o principio de igualdade en todas as accións locais.

O Plan aséntase sobre 6 eixos: a transversalidade de xénero nas accións municipais; a educación en igualdade para toda a cidadanía; a participación social e o empoderamento individual e colectivo; a calidade de vida e a saúde integral;

o emprego, a conciliación e a corresponsabilidade, e a abordaxe integral da violencia de xénero.

O novo documento estrutúrase sobre unha serie de principios reitores que lle outorgan coherencia e un propósito claro. Por unha banda, o de sensibilización e participación da poboación. O Plan procura promover o compromiso da cidadanía e recoller a súa opinión, tamén para atender as necesidades non detectadas doutro xeito.

Pola outra banda, o documento contempla o respecto á diversidade, atendendo ás necesidades e particularidades de cada colectivo dentro de Melide.

O terceiro principio reitor é o da integración da perspectiva de xénero en todas as liñas de traballo municipal, de forma que es-



O Concello de Melide, onde se aprobou este novo Plan de Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero. / Foto de arquivo

tea presente á hora de planificar, executar e avaliar calquera política pública do Concello.

O cuarto principio é o da coordinación institucional. O documento prevé o intercambio de información, coñecementos e

procedementos de traballo entre os distintos niveis administrativos co obxectivo de optimizar todas as accións locais.

Na elaboración deste V Plan de Igualdade e de Prevención da Violencia de Xénero realizouse un proce-

demento participativo para recoller as opinións e puntos de vista dos sectores que traballan a diario a prol da igualdade. Así, realizáronse unha serie de xuntanzas co persoal técnico do CIM, a Concellería de Igualdade, asociacións e veciñanza.

A ANPA O Forte continúa a traballar a prol da igualdade e a conciliación



Parte do mural realizado con esta subvención a prol da igualdade. Este está pintado na Biblioteca. / Foto: ANPA O Forte

A ANPA O Forte da escola Nº1 de Melide continúa a traballar a prol da igualdade e a conciliación, con iniciativas subvencionadas pola Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.

A través das axudas da Deputación, a Asociación de Nais e Pais poder

manter a realización de programas en políticas de xénero para o 2024, cun importe de 6.353,60 euros cos que bonificamos as actividades extraescolares de conciliación.

Por outra banda, a Xunta de Galicia aporta apoio económico para

financiar actividades de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero por importe de 3.000 euros, co que se fixeron 2 murais (un na Biblioteca e outro no patio) e un calendario, e outra de 3.727,42 euros para consolidar o servizo de Ludoteca.

O Nadal chega a Melide con diversas actividades



Un dos carteis da campaña colocado nun xardín. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide preparou unha ampla programación de actividades para todos os públicos baixo o lema: "Vive o Nadal no cerne de Galicia".

Dentro desta lista-xe de iniciativas atopamos: concertos de música, o Festival de Panxoliñas, espec-

táculos para toda a familia, maxia, a carreira de San Silvestre ou a tradicional Cabalgata de Reis.

As actividades de Nadal serán todas elas gratuítas e desenvolveranse entre o 15 de decembro deste ano e o 5 de xaneiro de 2025.

Vive o Nadal!

NO CERNE DE GALICIA


MELIDE 2024



★
**23, 26, 27, 30 DECEMBRO
E DO 2 AO 3 DE XANEIRO**
Actividades de lecer no Nadal:
AVENTURA NO POLO NORTE
Inscripción do 9 ata o 16 de decembro
★



SÁBADO, 14 DECEMBRO
19:30 h - centro sociocultural Mingos de Pita
**FESTIVAL DE PANXOLIÑAS
DE NADAL**
Organiza: Coral Polifónica de Melide




DOMINGO, 15 DECEMBRO
19:00 h - centro sociocultural Mingos de Pita
TRES VELLAS NA ROMARÍA
(Excéntricas). Público adulto

VENRES, 20 DECEMBRO
19:30 h - centro sociocultural Mingos de Pita
Concerto de Nadal
**CONSERVATORIO DE
MÚSICA DE MELIDE**



SÁBADO, 21 DECEMBRO
17:30 h - centro sociocultural Mingos de Pita
Actuación
BALLET E BAILE MODERNO
Alumnado das escolas culturais

DOMINGO, 22 DECEMBRO
19:00 h - centro sociocultural Mingos de Pita
CONCERTO
XINGRO'S BIG BAND



XOVES, 26 DECEMBRO
17:30 h - centro sociocultural Mingos de Pita
MUSICAL
O MUNDO MÁXICO DE PINOCHO
(Educateatro). Público familiar

SÁBADO, 28 DECEMBRO
17:30 h - centro sociocultural Mingos de Pita
OS BOLECHAS *presentan*
CANTARES DE REIS

DOMINGO, 29 DECEMBRO
21:00 h - centro sociocultural Mingos de Pita
Actuación de maxia
EUFORIA CO MAGO DANI POLO
*Organiza: El huevo de la abuela,
CIRE de Melide e Espomasa*

MARTES, 31 DECEMBRO
Praza do Convento
CARREIRA SAN SILVESTRE
SOLIDARIA MELIDENSE
*16:15 benxamíns / 16:30 h escolares/
17:00 h adultos*
Organiza: Asociación Deportiva Cerne

XOVES, 2 XANEIRO
17:30 h - centro sociocultural Mingos de Pita
Espectáculo teatral
LUPPO
(Baobab Teatro). A partir de 4 anos

VENRES, 3 XANEIRO
*17:30 h - Biblioteca municipal
Xosé Vázquez Pintor de Melide*
REDONDO
*(Caramuxo teatro).
Espectáculo para bebés de 1 a 4 anos*

DOMINGO, 5 XANEIRO
CABALGATA DE REIS
*17:30 h saída do pazo de congresos
18:30 h recepción dos nenos e nenas no BELÉN
VIVENTE, centro sociocultural Mingos de Pita*
Colabora: Asociación Cultural Charamela

EXPOSICIÓN BELÉN ARTESÁN
*De luns a sábados de 17:30 ás 20:30 h
excepto os días 25 decembro e 1 de xaneiro.*
Iniciativa privada e creado por
ANA MARÍA PÉREZ
do 9 decembro ao 7 xaneiro - capela de San Roque

NADAL NO CENTRO SOCIAL
17:00 h - centro social

DOMINGO, 29 DE DECEMBRO
FESTA DE NADAL con SUSO DE BOENTE
SÁBADO, 4 DE XANEIRO
FESTA DE REIS con SUSO DE BOENTE

PESCADOS E MARISCOS MANOLO



"Peixe e marisco de gran variedade e máxima calidade da lonxa de Ribeira"

**Rúa Gaiteiros Os Garceiras, 3
Melide (15800)
981 50 73 97**

Hnos. Penas CARNICERÍA



**Máis de 25 anos ofrecendo os mellores
produtos do mercado en Melide**



Tif: 609 939 198
Avenida de Lugo, 35 (Melide)

Tif: 680 442 545
Rúa Quiroga, 55 (Lugo)

CARNICERÍA LAMAS *A túa carne, en Melide*



**Rúa dos Peregrinos, 1
Melide (A Coruña)
Tif: 610 66 67 04**

El Mejor Precio de la Comarca

WIFI

YETHI

CARBURANTES

Santiso e Sobrado organizan iniciativas de conciliación para o Nadal



Tres nenas xogando ao igual que o farán os cativos e cativas que nas actividades deste Nadal. / Foto: iStock

Os Concellos de Santiso e Sobrado organizan iniciativas de conciliación para o período de Nadal, no que as crianzas non teñen clases nos centros educativos.

Por unha banda, en Santiso organizase o Campamento de Nadal con

actividades como xogos, manualidades, deporte, actuacións de Nadal, entre outras.

Esta iniciativa desenvolverase os días 23, 26, 27 e 30 de decembro de 2024, e 2 e 3 de xaneiro de 2025 na Escola de Visan-

toña, dende as 10:30 ata as 13:30 horas. No Campamento de Nadal poden participar nenos e nenas de 3 a 12 anos.

O prezo desta actividade é de 10 euros para as crianzas empadroadas ou escolarizadas en Santiso e

de 20 euros para as crianzas que veñen de fóra do municipio.

O prazo de inscrición para anotarse a esta iniciativa remata o 11 de decembro. Para máis información ou inscribirse hai que chamar ao Concello (981 81 85 01) ou visitar a páxina web (www.santiso.gal). No caso de haber máis solicitudes que prazas os criterios de admisión serán os seguintes: primeiro os casos de emerxencia social de Santiso (exentos do pago), as crianzas empadroadas no Concello, os pequenos e pequenas escolarizados no CEIP de Arcediago e, por último, o resto de solicitudes presentadas.

Por outra banda, o Concello de Sobrado organiza a súa tradicional Ludoteca de Nadal para crianzas nadas entre o ano 2013 e o 2021.

As xornadas nas que se celebrarán esta actividade serán: o 23, 26, 26 e 30

de decembro, e o 2 e 3 de xaneiro. O horario será de 9:00 a 13:00 horas e realizarase no Mercado municipal de Sobrado.

As prazas para a Ludoteca son 15 e as nenas e nenos entrarán por rigorosa orde de inscrición, tendo preferencia as empadroadas ou empadroados en Sobrado. As inscricións rematan o día 18 deste mes. O prezo para participar na Ludoteca de Nadal é de 20 euros por cada cativa ou cativo.

Durante estes días, os pequenos e pequenas realizarán xogos e actividades relacionadas con esta época do ano.

Estas dúas iniciativas promovidas polas Administracións locais teñen como obxectivo facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, especialmente para a poboación destes concellos, nos días de Nadal nos que as crianzas non teñen clase nos centros educativos.

Tchin Tchin

2 GAFAS MÁIS POR 1€ MAIS*

A TERCEIRA PARA TI OU PARA REGALAR

* Ver condiciones na óptica ou en afflelou.es. Oferta válida dende o 3/12/2024 ata o 2/2/2025 nas ópticas de Alain Afflelou de España e Andorra.

C/ RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE - 981 506 097 (E-15001259)

ALAINAFFLELOU

Pide a túa cita
afflelou.es



CABALGATA DOS REIS MAGOS

**Domingo, 5 de xaneiro de 2025,
ás 16:45h**

Percorrido coa carruaxe, amenizado polo grupo musical do Balado, dende o Campo de Fútbol ata o Polideportivo, onde os Reis Magos repartirán agasallos. A xornada rematará cunha chocolatada.

**En caso de choiva, non se realizará o percorrido.*

Estades todos e todas invitadas!



Concello de
TOQUES

*Dende o Concello de Toques
querémosvos desexar un bo
Nadal e un feliz 2025!*



NADAL EN SANTISO

- | | | | |
|---------------|---|---------------|---|
| 19 DEC | Charla "Plan Mayor" da Garda Civil en Arcediago e Visantoña. | 27 DEC | Foodtruck da campaña "Galicia sabe a mar" en Arcediago e Visantoña.

Contacontos: "Martiño e o paraugas máxico" en Visantoña ás 12h.

"Nadal musical" coas agrupacións musicais de Santiso. En Visantoña ás 20:30h. |
| 20 DEC | Festival de Nadal da Banda Escola de Música de Visantoña. | 29 DEC | Concerto Nadal da Coral Polifónica de Santiso. En Arcediago. |
| 23 DEC | Comeza o campamento de Nadal. Espectáculo "Cabicivai" de Pablísimo, en Visantoña, ás 12h. | 30 DEC | Espectáculo musical "Desconcerto de Nadal" en Visantoña, as 12h. |
| 24 DEC | Visita de Papá Noel. Organiza a ANPA A Xuntanza. En Arcediago. | 2 XAN | Títeres: O Crebanoces (Conto de Nadal) en Visantoña ás 12h. |
| 26 DEC | Contacontos: "A cheminea do Apalpador en Visantoña ás 12h. | 5 XAN | Cabalgata de Reis. |



A Xunta inviste 122.000 euros para a mellora de camiños rurais en Santiso

A Xunta de Galicia inviste máis de 122.000 euros para varias intervencións en Santiso ao amparo do Plan Marco de Mellora de camiños rurais de acceso a parcelas agrícola.

A delegada da Administración autonómica na Coruña, Belén do Campo, o alcalde de Santiso, Manuel Adán, e outros representantes políticos visitaron algunhas das zonas nas que se realizaron obras de mellora.

No caso deste concello, no marco desta convocatoria, están previstas actuacións en total de case 62.000 euros para dúas actuacións no camiño a Cima-devila (na parroquia de Liñares) e na mellora do viario de Amboaxe (en Ribadulla). Este investimento únese ao realizado o ano pasado de máis de 60.000 euros, o cal permitiu a pavimentación do camiño Barral a Pena-posta (na parroquia de San-



Belén do Campo e Manuel Adán en Santiso. / Foto: Xunta de Galicia

ta María de Santiso) e do camiño á aldea de Vilar da Vella e ramal de Visantoña.

"Estes apoios económicos promoven a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas co fin último de aumentar a competitivi-

dade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha redución de custos e tempo necesarios para poñer os produtos no mercado", sinalan dende a Xunta.

Publicados os festivos da comarca para o ano 2025



Unha man sinalando unha xornada festiva no calendario. / Foto de arquivo

Publicados no Diario Oficial de Galicia a resolución dos festivos de carácter local para o 2025, na comarca da Terra de Melide quedan do seguinte xeito:

En Santiso serán xornadas non lectivas o 24 de xuño (San Xoán) e 15 de setembro (Santa Cruz e Vir-

xe das Dores); Sobrado determina os seus festivos os días 4 de marzo (Entroido) e o 24 de xuño (San Xoán); en Toques será o 15 de maio (San Cidre) e o 2 de setembro (San Antolín); e, por último, en Melide serán o 21 de abril (luns de Pascua) e o 16 de xullo (día do Carme).

Melide impartirá un curso para obter o Celga



Unha alumna tomando apuntamentos nunha aula. / Foto: iStock

O Concello de Melide impartirá un curso de preparación para obter o Certificado de Estudos en Lingua Galega (Celga).

As datas para a celebración desta formación é do 13 de febreiro ao 19 de

maio do 2025. As persoas interesadas poden realizar a súa inscrición para o curso na Casa Consistorial, no Departamento de Cultura ou no de Normalización Lingüística, ou chamar ao 981 50 50 03.

O deportista Aron Ayude triúfa no campionato nacional de kickboxing



Aron Ayude con parte do seu equipo o día da vitoria. / Foto: Escola Ayude

O deportista Aron Ayude, natural de Santiso, triúfa no campionato nacional de kickboxing e consegue proclamarse como o mellor de España.

A cidade escolmada para acoller esta competi-

ción foi Lugo e, como non podía ser doutra maneira, o kickboxing galego estivo moi ben representado por clubs e árbitros da máxima categoría.

A velada nacional, á que acudiu un bo número

de persoas, desenvolveuse con fluidez e os combates non deixaron indiferente a ninguén.

O estelar enfrontamento entre Aron Ayude e o boxeador de Huelva, no que pelexaban para levar o gran cinto de campións de España, puxo ao público de pé grazas á gran calidade técnica de Ayude, que "puido finalizar o combate en calquera momento, non obstante compartiu esa solvencia técnica, coñecedor do risco que esta categoría conleva", sinalan dende o seu equipo. Aron Ayude suma un récord máis, ser o único do kickboxing nacional en conseguir os tres títulos: de kicklyht, lowkick e lowkick pro.

Ademais, José Ayude tamén foi premiado pola súa traxectoria.



ESTE
Nadal
TOCA **en MELIDE**
2024

10 DE XANEIRO DE 2025
CENTRO SOCIOCULTURAL MINGOS DE PITA, ÁS 20:30 H

4000€

SORTEO
DURANTE A
GALA, ENTRE
OS ASISTENTES:
DUN LOTE
ASETEM

ACTUACIÓNS MUSICAIS
JUAN CARLOS
MAZÁS
SANMARTÍN
IRENE RUIZ
CARMUEGA

PRESENTA E AMENIZA
LETI DA TABERNA

MERCAR EN MELIDE
Todo un acerto

Centro Comercial Alberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA

Concello de Melide

Melide en Melide
Comunidade de Bóveda

CCA
ASETEM

"Na 'Winter Meet 2024' a nosa idea é fomentar o traballo e o coidado dos coches que forman parte da exposición"

- Que tedes preparado para a "Winter Meet 2024" do vindeiro 14 de decembro?

- **David Martínez:** Comenzaremos ás 10 da mañá para meter os coches e colocar todo, pero a apertura oficial para o público será ás 12:00 horas. Nesta cita do automóbil haberá: tendas relacionadas co mundo do motor, barra propia do club e música durante todo o día. A maiores, este ano haberá dúas novidades: sesión vermú, de 13:00 a 15:30h, cun dúo musical e contaremos coa presenza da empresa El Huevo de la Abuela para poñer uns pinchos durante ese cachiño. Isto xa non só é para os participantes senón tamén para que a veciñanza da vila baixe a ver a exposición, tomar algo e pasar un tempo agradable. A outra novidade é que, por primeira vez, demos opción aos participantes de quedarse a cear unhas pizzas todos xuntos logo da concentración. Esta iniciativa permítenos darlle un toque máis familiar e íntimo á parte final do evento.

Outra cousa importante que quero deixar claro é que esta cita de Anubis Racing é unha exposición, non é unha carreira. Neste evento os coches están apagados para expoñelos nun recinto pechado non son para vir correr con eles.

- **Cantos vehículos se van expoñer na "Winter Meet 2024"?**

- **D.M:** O noso cálculo é que poidamos meter arredor duns 100 coches porque a nosa intención é que haxa espazo para ver os turismos e que todo o mundo estea cómodo.

- **Que características teñen os coches que se reúnen para este evento?**

- **D.M:** Nós non temos requisito mínimo para participar. O que si, a nosa idea



David Martínez e o resto de membros de Anubis Racing nunha das súas concentracións en Melide. / Foto: Anubis Racing

é que sexa algo que permita ver vehículos máis exclusivos, ben sexa porque son máis vellos ou ben porque teñen un alto valor económico. Trátase de fomentar que se vexa o traballo e os coidados dos coches. Queremos que queden bonitos no recinto porque gústanos sacar fotos do día e, ademais, nesta edición contaremos con dous drones.

Logo, no que respecta ao proceso de selección, reunímonos todos os membros de Anubis Racing e facemos unha votación para escoller os que máis nos gustan á maioría. Sempre nos facemos a seguinte pregunta: "se fixésemos determinados quilómetros para ir a unha exposición sería por este tipo de coches?".

- **A xente animase a participar neste tipo de citas?**

- **D.M:** Na exposición interior o ano pasado houbo 80

turismos pero a selección fixémosla de 272 solicitudes. O bo é que cada ano isto vai a máis, nesta edición o primeiro día no que abrimos o prazo para inscribirse tiñamos xa 130 solicitudes e só nunhas horas. Ademais, o que máis satisfeitos nos fai sentir é que as persoas que se quedan fóra nunha edición, traballan durante todo o ano para facerlle melloras ao vehículo e intentar entrar para a seguinte convocatoria. Tamén temos outro perfil de xente que vén un ano de público e ao seguinte trae o seu coche a expoñer. E, o que é aínda máis curioso, temos persoas que viñeron as tres concentracións anteriores e cada ano cun vehículo diferente. Isto apaixóanos porque significa que tes ganas de acudir cada ano, ensinar os teus coches, e pasar o día con nós.

Ademais, queremos animar a toda a xente a vir

ver esta exposición.

- **Organizar un evento como este ten moito traballo detrás.**

- **D.M:** Moitísimo. Entre varias persoas do club estamos organizando isto e conleva moitas horas. É certo que este evento se traballa durante todo o ano pero agora vén o máis forte. Para realizar isto hai moito traballo que non se ve, tanto previamente como despois. Ademais, a parte disto está o Instagram que está aberto durante as 24 horas dos 365 días no ano.

- **A xente relaciónase moito con vós por Instagram?**

- **D.M:** Si, moito. De feito, as persoas que nos seguen teñen moi presente as datas nas que realizamos a exposición e a partir de setembro xa empezan a contactar con nós para saber cando se vai facer e como. Actualmente, temos máis de 5.000 segui-

dores e chegamos a unhas 83.000 contas diarias.

- **É o voso mellor escaparate?**

- **D.M:** Si. Nós con este evento é moi complicado chegar a xente de fóra de Galicia, é certo que o ano pasado viñeron uns chicos de Portugal e outros de Castela e León pero fisicamente é difícil abarcar máis.

Agora si, a nivel Instagram non hai fronteiras. De feito, a onde máis chegamos a través das redes é a Madrid, Barcelona e Andalucía. Logo, grazas a compañeiros nosos que temos no estranxeiro tamén chegamos a países como Suíza ou Alemaña.

- **Ademais, imaxino que vós tamén acudides a outros eventos similares á "Winter Meet".**

- **D.M:** Efectivamente. Nós intentamos acudir ao maior número de eventos posible, é máis, temos cadrado de coincidir dúas citas na mesma fin de semana e repartírnos 3 van para un sitio e outros 3 imos a outro. Ademais, procuramos sempre ir a unha concentración que se fai en Navarra que é unha referencia. De feito, o que máis nos sorprende neste tipo de evento é que nos recoñezan polos suadoiros e nos falen porque permítenos desvirtualizar a xente coa que falamos polas redes sociais.

- **Que é o mellor deste tipo de eventos?**

- **D.M:** Para min a xente que coñeces. Con respecto aos eventos, nós sempre dicimos que podes ter o mellor coche pero senón tes educación e respecto na nosa concentración non vas ter oco, pero podes non ter o mellor vehículo e nós querer contar contigo pola relación tan boa que temos e o bo ambiente que se crea. Anubis Racing é, totalmente, unha familia.




Rosado ou branco, este Nadal brindemos
polos bos desexos e...
un futuro mellor!



Licores elaborados dende 1954

CASA MEJUTO

O espumoso de Melide



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón

Legumbres

Bacalao

Vinos

Licores

Gran surtido en cestas de Navidad y baúles
Regalos navideños con produtos conocidos
y de prestigio

Bo Nadal!

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE

Teléfono e fax: 981 50 51 03

casajuanito1910@gmail.com



MARY LÓPEZ, ELECTROSAN

“No noso sector o servizo post-venda é para a clientela, practicamente, o 50% dunha venda”

- **Que previsións tedes para esta campaña de Nadal?**

- **Mary López:** Esperamos que sexa boa, ao igual que estes anos nos que o resultado foi moi satisfactorio. A xente nestas datas aposta polo comercio local e sempre son días nos que as vendas se incrementan.

- **Cales cres que son os agasallos estrela deste Nadal?**

- **M.L.:** Diferentes tipos de cafeteiras, as fritadeiras de aire, robots de limpeza e máquinas de afeitar de boa calidade. Outro produto que, actualmente, se vende moi ben os limpacristais, tanto os con cable ou sen el. Logo, no caso de parellas adulta apostan moito por regalar cousas para gañar en calidade de vida como un bo colchón ou sofá.

- **Por que é importante realizar as compras destas datas no comercio local?**

- **M.L.:** Porque somos unha cadea. Se eu non vendo pero vende a tenda do lado, esa venda vaime afectar a min aínda que sexa de maneira indirecta porque, ao mellor a responsable dese comercio non me compra a min pero gasta nunha zapatería e a persoa desta tenda si que vén a Electrosan mercar. Isto é moi importante que a xente o entenda. Se a xente da Melide e contorna fose toda mercar aos centros comerciais eu tería que pechar a porta do meu negocio. Comprar nos establecementos de proximidade permite que a economía de toda a vila medre, non só a dos comerciantes. Ademais, nas tendas do municipio temos de todo e senón pedímolo e chega a día seguinte.

- **Cal é o elemento imprescindible para ter un bo descanso?**

- **M.L.:** Sen dúbida, un bo colchón. Se te paras a pen-



Mary López, responsable de Electrosan, na zona de descanso do seu establecemento en Melide. / Foto: Cerne

sar pasamos gran parte da vida durmindo e isto repercúteche para todo. Ao colchón de calidade hai que sumarlle unha boa base, o canapé. Outro elemento de descanso que valoro moito é o sofá, dado que chegar do traballo e sentarte nun bo sofá para simplemente descansar e non pensar en nada é imprescindible. Inverter na calidade dos artigos de descanso é fundamental porque senón ímolo pagar con dores de costas e molestias.

- **Que ofrece a tenda de Electrosan?**

- **M.L.:** Atención personalizada e sen compromiso. A min non me gusta ir a unha tenda e que me estean constantemente presionando co que teño que mirar e non, por iso aquí a clientela ten liberdade para ollear o que queira e se necesita algo atenderémolo centrándonos nas súas necesidades.

Logo, gústame ter un bo servizo post-venda. Se eu vendo, por poñer un exemplo, un calefactor, se hai unha avaría o servizo técnico da fábrica ten que responder á hora de amañar ese artigo ou ben enviar outro.

- **Falando do servizo post-venda cal é a súa importancia?**

- **M.L.:** É practicamente o 50% da venda. Eu podo vender moito, pero se ti tes calquera problema co produto e non che damos solución non vas volver mercar en Electrosan. Entón, prefero ter artigos con prezos un pouco máis caros (5 ou 10 euros) de fábricas que sei que ante calquera problema me van responder para darlle un bo servizo post-venda á clientela.

- **Cal é a situación actual do voso sector?**

- **M.L.:** O comercio local está outra vez en auxe e máis en Melide. Esta é un pobo de

superación, se pecha un establecemento ao pouco abren outros dous. Os negocios de proximidade son un motor moi importante para economía da vila, en particular, e de Galicia, en xeral. A situación do sector é complexa porque, cada vez, cústanos máis manernos. A min gústame traballar con boa calidade e prezos e iso deriva nunha loita constante coas fábricas para ofertar o mellor á clientela final. Como dicía miña avoa, hai que sementar moito para recoller.

O noso máximo competidor é internet. Entendo que, ás veces, pode ser que mercar determinado produto che saía un chisco máis barato en liña que na tenda pero, volvemos ao tema da cadea, se ti non fas gasto na vila as familias que temos comercios verémonos obrigados a pechar, perderanse postos de tra-

ballo e todos os sectores se verán afectados.

- **Notaches cambios nos hábitos de compra da clientela?**

- **M.L.:** Hai varios tipos de clientela. Por unha banda, está a que en canto necesita algo te chama para que llo busques ou lle deas consello, dado que confía plenamente en ti e na túa tenda; e, por outra banda, as persoas que acoden a diversos comercios para ver cal lle sae máis barato e entón, hoxe cómprache a ti e mañá a outro. Antes, tiñas a túa carteira de clientela fiel e sabías máis ou menos o que ías vender para ver e para mal. Non obstante, agora non é así, dado que a xente compara máis e vai variando o sito no que compra.

Dito isto, tamén hai que destacar que estamos encantados coa nosa clientela de Melide e arredores. De feito, facemos reparto máis alá da localidade, imos tamén Sobrado, Corredoiras, Antas de Ulla, Monterroso, Santiago, Palas de Rei ou Oza dos Ríos.

- **En que te diferenzas doutros negocios do teu sector?**

- **M.L.:** Competir no prezo é moi complexo, entón se vendemos todos ao mesmo prezo eu téñome que diferenciar na atención personalizada, na calidade dos produtos e no servizo post-venda. Quero que se recoñeza Electrosan como un comercio onde te atenden de xeito personalizado, no que se ofrecen diversos artigos de electrónica, descanso e electrodomésticos, e no que calquera problema cun artigo se che vai solucionar.

Electrosan


Rúa Martagona, 13
Melide (A Coruña)

Tif: 981 50 79 64



CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

**Pedir
hora**

